

# ORGANIZACIÓN DO INICIO DE CURSO 2021/2022

## CEIP PLURILINGÜE DE CHANCelas

Medidas adoptadas segundo o PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022

- **Medidas de protección individual:** A máscara é obligatoria a partires dos 6 anos e altamente recomendable para o alumnado de infantil. Será obligatorio traer outra máscara de recambio e un recipiente, caixa ou bolsiña para gardala.
- **Medidas de hixiene e prevención:** O centro ten a disposición do alumnado e profesorado dispensadores de hidroxel, papel de mans, xabón...
- **Rutinas xerais no centro:** lavado frecuente de mans, ventilación e limpeza reiterada, mantemento da distancia interpersonal...
- **Rutinas xerais da casa.** Toma de temperatura diaria antes de vir ao cole e auto enquisa ANEXO I
- **Organización do centro en grupos estables de convivencia.**

Tendo en conta as nosas instalacións, o alumnado estará organizado en 3 grandes BLOQUES que farán uso do mesmo espazo (corredores, baños...) sempre gardando a distancia interpersonal e evitando, ao máximo, o contacto con outro bloque:

- Infantil
- 1º, 2º e 3º: Planta de abaxio
- 4º, 5º e 6º: Planta de arriba

Ademais dentro de cada bloque, formaranse os grupos estables de convivencia por curso.

**Entradas:** Non se permitirá o acceso ao recinto escolar dos proxenitores, a excepción de infantil.

- **Infantil:** Poderán entrar a partires das 9:15h pola cancela que queiran e acompañados por un so proxenitor ata a porta do centro sempre con máscara e respectando a distancia de seguridade.
- **1º, 2º e 3º de Primaria:** A partires das 9:00h pola cancela de **abaixo**.
- **4º, 5º e 6º de Primaria:** A partires das 9:00h pola cancela de **arriba**.

A partires das 9:00h tamén poderá vir o alumnado de infantil que teña irmáns en Primaria. No caso de ter fillos en distintos bloques, o acceso será pola cancela que lle corresponda ao **irmán menor**

**Saídas:**

- **Infantil:** A partires das 13:45h na porta do centro por quendas en intervalos de 5 minutos. Os seus proxenitores poderán entrar pola cancela que queiran. No caso de ter fillos noutro bloque, unha vez recollan ao neno/a de infantil esperarán fóra do centro NA CANCELA QUE LLE CORRESPONDA ao irmán MAIOR
- **1º, 2º e 3º de Primaria:** A partires das 14:00h pola cancela de **abaixo** (CEMITERIO).
- **4º, 5º e 6º de Primaria:** A partires das 14:15h pola cancela de **arriba**. A excepción dos alumnos que teñan irmáns no bloque de 1º, 2º e 3º que sairán pola cancela de abaxo. Os de 4º, 5º e 6º que teñan irmán en infantil tamén sairán pola cancela de arriba.
- **Circulación no centro e no recinto escolar:** Prégase a NON AGLOMERACIÓN de persoas na entradas e saídas e debendo, en todo caso, garantir as medidas de distanciamento físico interpersonal.
- **Recreos:** O grupos estables de convivencia terán o recreo nunha zona e/ou horario independente do resto.

- **Comunicación coas familias:** Priorizarase a comunicación coas familias a través de teléfono ou videochamada. Ademais continuaremos empregando a páxina web do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipchancelas/> e o servizo de tokapp school.
- **Aparición de sintomatoloxía:** Ante a presenza de síntomas compatibles con COVID-19 actuarase do seguinte xeito:
- **Fóra do centro:** Non acudirán ao centro educativo aquelas persoas que teñan síntomas compatibles con COVID-19, xa sexan parte do alumnado, profesorado ou outro persoal, así como aquellas que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19 ou en período de corentena por contacto estreito cun caso de COVID-19.
- **Dentro do centro:** O alumno levarase a un espazo separado de uso individual habilitado para este fin e acompañado dun mestre. Contactarase coa familia que deberá presentarse no centro á maior brevidade e solicitar consulta telefónica co seu pediatra
- **Plan de continxencia:** No caso da suspensión da actividade lectiva presencial ou semipresencial serán os mestres os que impartirán o ensino non presencial a través do enderezo electrónico e/ou da aula virtual de cada grupo onde se abrirán canles de comunicación directa: foros, videochamadas... Así mesmo, esta aula virtual estará activa desde o comezo de curso independentemente da modalidade de ensino (presencial ou non presencial).
- **Servizo de madrugadores, comedor e extraescolares:** A ANPA e a empresa Arume están traballando na xestión destes servizos e serán os encargados de difundir ás familias toda a información relacionada.

MAIS INFORMACIÓN:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/34962>